



Deixa
de
tocala,
Sam

AveLina Pérez & Velpister



ASH RACHAEL ALTAIR

Unha proposta incompleta

Un xogo coa indeterminación

Un xeito de sinalar o fastío



O punto de partida desta creación ten lugar hoxe,
agora, cando os referentes se esnaquizan contra
o chan, nun golpe seco, e os varredores do lixo
recollen o lixo nas bolsas para o lixo.

Cando o príncipe de Dinamarca xa non nos salva.



No 2018 AveLina Pérez presenta, dentro do ciclo Teatro Ob-Sceno organizado polo CDG, a curta teatral *Deixa de tocala, Sam*. Na zona do montacargas do teatro, entre aparellos teatrais desordenados e sen uso, iniciase un cuestionamento escénico acerca do poder e do brillo , unha pregunta que alude aos lugares elevados.

Desde esa experiencia xurde, na autora, a necesidade de facela medrar e de seguir profundando na relación entre os poderes establecidos e os lugares que permanecen á sombra, agochados e afastados dos focos. Desta vez a idea é situar a escena no lugar central, no escenario; iluminar e poñer no foco a pregunta teatral potenciando así o paroxo.

Para levar adiante este traballo AveLina contacta co pianista Velpister, artista multidisciplinar cuxo traballo atende ás cuestións relacionadas co poder e coa ruptura dos canons establecidos e, entre os dous iniciase un diálogo artístico que permite a creación da peza que presentamos.

Hamlet, Deus, Billy el niño, unha muller cun dente de ouro que bota pan aos peixes da praza, o rei, a actriz, o pianista ... todos componen esta paisaxe teatral e musical que procura un encontro de incertezas, unha protesta absurda e inútil e – outra vez o paroxo – celebra o feito da vida.

Deixa de tocala, Sam foi estreada en decembro do 2018, no Teatro Ensalle de Vigo.



En certo sentido, Deixa de tocala, Sam, é unha contestación ás xerarquías de poder, ás estructuras en cuxa cúspide está a palabra, ben sexa a de Deus, que se fixo verbo, ben sexa, na "high-class" teatral, a de William Shakespeare.

Verbos canonizados, canónicos, institucionalizados

Afonso Becerra

Artezblai



AveLina Pérez

Creadora escénica forzosamente independendiente.

Formada en interpretación na escola Santart.

Titulada en dirección de escena e dramaturxia pola ESAD de Galicia.

O seu proxecto escénico abarca as producións propias, a escrita teatral e a impartición de obradoiros.

Directora, dramaturga e actriz das pezas:

A que non podes dicir cocacola,

Reconvertindo espazos (co-creadora),

Gañaremos o pan coa suor da túa fronte,

Os cans non comprenden a Kandinsky

(premio Coiro de pita da Sala Ingrávida)

e *Deixa de tocala, Sam.*

Directora e dramaturga de *Vaguedás* e *Honey Rose*.

Directora da peza de Teatro íntimo

La vie en Rose, de Afonso Becerra e de

Campo de covardes, de Vanesa Sotelo.

Acada varios premios en dramaturxia breve e radio teatro.

No 2018 recibe os premios Álvaro Cunqueiro

coa peza *Ás oito da tarde, cando morren as nais*

e o Abrente de Textos teatrais


con *O día no que bicar a terra*.

Velpister.

Artista multidisciplinar.

Como pianista fórmase nos conservatorios de Ourense, Santa Cecilia de Madrid e superior de A Coruña.

Foi profesor nos conservatorios profesional de Pontevedra, profesional de Vigo e Superior de Vigo.

A profile photograph of a man with a full, light-colored beard and mustache. He has short, light-colored hair and is wearing a dark jacket over a white shirt. His right hand is raised, with his index finger pointing upwards towards the top left corner of the frame. The background is dark and out of focus.

Autor de *Cola para genocidio*,
Ancestral e
Obsesiones, tormentos y un vals,
publicados en CD e DVD.
Edita os libros de poemas
Transeuntes del olvido,
Estado del bienestar/Naturaleza muerta e *Mis poemas de amor apestan. Poemas ciclotímicos para una novia que tuve*.

Sempre na procura da súa propia linguaxe e, por tanto, lonxe do convencional e/ou comercial, realiza exposicións da súa obra pictórica, relacionándoa co seu traballo en escena.

Un dos seus espectáculos característicos, no que mestura as disciplinas, é o *Musicoplastidrama*; espectáculo de piano en directo con narración, cancións e vídeos, reforzadas argumentalmente coas pinturas.



Dirección escénica, dramaturxia e actriz :

Avelina Pérez

Dirección musical, piano en directo:

Velpister

Iluminación: Daniel Casquero

Producción: AveLina Pérez

Gravación, edición vídeo: Jesús Tejada

Fotografías de Manuel Forcadela e Jesús Tejada

Colaboran Teatro Ensalle e ESAD de Galicia



CONTACTO

avelinaperezteatro@gmail.com

tlf: 637 756 146

www.avelinaperez.com